UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Metodoloxía, técnica e estratexias para o deseño e elaboración de proxectos e traballos de investigación | | Código | 615G01406 |
| Titulación | | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuadrimestre | Cuarto | Optativa | 4.5 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Socioloxía e Ciencias da Comunicación | | | |
| Coordinación | Otero Enriquez, Raimundo | Correo electrónico | raimundo.otero@udc.es | |
| Profesorado | Otero Enriquez, Raimundo | Correo electrónico | raimundo.otero@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | O obxectivo xeral da materia é o de coñecer o marco teórico-práctico que rodea ao deseño e a elaboración de proxectos e traballos de investigación. Para alcanzar esta meta, proponse un temario que acerque ao alumnado, a través de diferentes exercicios, ás principais dimensións da investigación social (estilo da redacción, construción de hipóteses, elección de metodoloxías, uso adecuado de fontes, etc.). | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| O/a estudante identificará os puntos centrais dun proxecto de investigación. | A13<br>A15<br>A20 | B1<br>B3<br>B5<br>B17<br>B21 | C3<br>C6<br>C7<br>C8 |
| O/a estudante identificará os puntos centrais dun traballo fin de grao. | A13<br>A15<br>A20 | B1<br>B3<br>B5<br>B17<br>B21 | C3<br>C6<br>C7<br>C8 |
| O/a estudante identificará os principais formatos de contribucións científicas (artigo científico, comunicación, etc.). | A13<br>A15<br>A20 | B1<br>B3<br>B5<br>B17<br>B21 | C3<br>C6<br>C7<br>C8 |
| O/a estudante construirá os obxectivos e hipóteses dun proxecto de investigación. | A20 | B4<br>B5<br>B13<br>B18<br>B21 | C6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| O/a estudante elixirá a metodoloxía axeitada atendendo aos obxectivos e hipóteses dun proxecto de investigación. | A20<br>A26 | B1<br>B4<br>B5<br>B13<br>B18 | C6 |
| O/a estudante defenderá, mediante unha presentación oral eficaz, un proxecto de investigación. | A24<br>A32<br>A34<br>A35 | B1<br>B3<br>B5<br>B6<br>B17<br>B18 | C1<br>C3 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| UN MARCO INTRODUTORIO DA INVESTIGACIÓN SOCIAL | -Fases da investigación I: elección do tema, obxectivos e xustificación<br>-Fases de investigación II: marco teórico, hipóteses e metodoloxía<br>-Debate dedutivo-indutivo e outras formas de xeración de coñecemento |
| PRESENTACIÓN DUN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN: O TRABALLO FIN DE GRAO | -O procedemento do TFG<br>-Estrutura do TFG e elección/desenvolvemento da metodoloxía<br>-Fontes, bibliografía e estilo da redacción |
| O ARTIGO CIENTÍFICO E OUTRAS CONTRIBUCIÓNS ACADÉMICAS | -Tipos e estrutura do artigo científico<br>-Outros formatos académicos: a comunicación, o póster e a recensión<br>-A tese doutoral |
| PRESENTACIÓNS EFICACES | -Normas e criterios da exposición oral<br>-Soportes da exposición oral: o power point e outras alternativas |
| O CONTEXTO DA INVESTIGACIÓN PREDOUTORAL | -Recursos de busca<br>-Convocatorias competitivas autonómicas e nacionais<br>-O marco europeo da investigación |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Sesión maxistral | A15 A24 A26 B1 B13 C3 C6 | 10 | 10.5 | 20.5 |
| Traballos tutelados | A15 A26 B1 B3 B4 B5 B13 B17 B18 B21 C3 C6 C7 C8 | 15 | 60 | 75 |
| Presentación oral | A13 A20 A26 A32 A34 A35 B6 C1 | 4 | 10 | 14 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral | Sesións destinadas a abordar os aspectos teóricos do temario proposto. |
| Traballos tutelados | Elaboración titorizada das dúas prácticas obrigatorias que se presentan para superar a materia. |
| Presentación oral | Cada alumno/a, se é posible, terá que presentar algunha das prácticas propostas ante os demais. |

| Atención personalizada |
|---|

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Traballos tutelados | A atención personalizada ten como obxectivo atender as dúbidas individuais e colectivas do alumnado. No inicio do cuadrimestre, comunicarase o horario das titorías (en todo caso, rógase acudir ás mesmas previo aviso por e-mail).<br><br>Para o alumnado co recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica, acordarase a principio de curso un calendario específico de titorías compatible coa súa situación. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Traballos tutelados | A15 A26 B1 B3 B4 B5 B13 B17 B18 B21 C3 C6 C7 C8 | Elaboración titorizada das dúas prácticas obrigatorias que se presentan para superar a materia. | 90 |
| Presentación oral | A13 A20 A26 A32 A34 A35 B6 C1 | Cada alumno/a, se é posible, terá que presentar algunha das prácticas propostas ante os demais. | 10 |

| Observacións avaliación |
|---|
| A avaliación da materia sustentarase<br>na realización e avaliación, se as circunstancias o permiten, de dúas prácticas de carácter obrigatorio:<br>?1ª práctica (valor máximo de 5<br>puntos sobre a nota final): consistirá na confección razoada e xustificada da<br>estrutura dun posible traballo fin de grao.<br>?2ª práctica (valor máximo de 5<br>puntos sobre a nota final): consistirá, principalmente, na redacción dun borrador inicial do marco teórico dun<br>hipotético traballo fin de grao.<br>Establecerase, ao longo do primeiro<br>cuadrimestre, unha única data de entrega presencial para cada práctica obrigatoria.<br>En caso de non alcanzar os 5 puntos, ou non ter presentado as prácticas obrigatorias<br>durante o transcurso do primeiro cuadrimestre, o/a alumno/a poderá entregalas<br>novamente nas datas oficiais fixadas polo centro (convocatorias de primeira oportunidade e segunda oportunidade).<br>O alumnado que non entregara en tempo<br>e forma unha das dúas prácticas obrigatorias, obtería unha cualificación final<br>de non presentado.<br>O alumnado que se acolla ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial<br>ou dispensa académica de exención de asistencia, terá que presentar as dúas<br>prácticas obrigatorias nas datas oficiais fixadas polo centro<br>(convocatorias de primera oportunidade e segunda oportunidade).<br>A<br>realización de plaxio implicará a cualificación de suspenso na convocatoria en<br>que se cometa. Con outras palabras, o/a estudante será cualificado con<br>?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico,<br>tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na<br>segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira<br>oportunidade, se fose necesario. |

| Fontes de información |
|---|

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - (). .<br>-Becker, Howard (1986): Manual de escritura para científicos sociales, Buenos Aires: Siglo Veintiuno Editores, ed. 2011.-Eco, Umberto (1977): Cómo se hace una tesis, Barcelona: Gedisa, ed. 1990.-Feyerabend, Paul K. (1970): Contra el método, Barcelona: Ariel, ed. 1989.-Galindo Cáceres, Jesús (coord.) (1998): Técnicas de investigación en sociedad, cultura y comunicación, México: Pearson.-Hernández Sampieri, Roberto et al. (1991): Metodología de la investigación, Perú: McGraw Hill, ed. 2010.-Iranzo Amatriaín, Juan Manuel y José Rubén Blanco Merlo (1999): Sociología del conocimiento científico, Madrid: CIS y Universidad Pública de Navarra.-Kuhn, Thomas S. (1962): La estructura de las revoluciones científicas, México D.F.: Fondo de Cultura Económica, ed. 1995.-Lamo de Espinosa, Emilio et al. (1994): La sociología del conocimiento y de la ciencia, Madrid: Alianza Editorial.-Lawrence, W. (1991): Social Research Methods. Qualitative and quantitatives approaches, México: Allyn and Bacon, ed. 2003.-Murray, Rowena (2006): Cómo escribir para publicar en revistas académicas, Bilbao: Ediciones Deusto.-Warbuton, Nigel (2012): Cómo aprender a escribir, Barcelona: Paidós Comunicación. |
| **Bibliografía complementaria** | |

| **Recomendacións** |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| |
| **Observacións** |
| Para o correcto desenvolvemento da materia, é fundamental que o/a alumno/a domine a lingua castelá.Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas na aula, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Todos os aspectos relacionados<br>coa ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude<br>académico? observarán a normativa académica vixente da UDC. |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**